

# DEFENDER OS RÍOS

Rmón Muñiz\*

Galiza é mar e ríos, eles son os que configuran a súa idiosincrasia. Non hai aldea por moi pequena que sexa que non se vexa refrescada por un río ou un regato. Os ríos foron elementos fundamentais no desenvolvemento productivo e social da nosa Galiza tradicional e puxeron as bases da súa evolución ao mundo tecnolóxico moderno.

A lo largo da historia, os ríos fixeron funcionar muíños, batáns, serreirías, ferreirías, dotaron de enerxía eléctrica a moitas parroquias, posibilitaron a fertilitade das terras labregas, aportaron a auga necesaria para múltiples usos das aldeas e todo iso sen danar o ecosistema senón máis ben manténdoo e regulándoo, facendo posibel a supervivencia autónoma da nosa poboación rural.

Todo isto foi conformando unha sociedade cohesionada que tiña nos ríos a base enerxética para elaborar uns produtos que, na súa dinámica, orixinaba traballos comunais, relacións sociais, identidades grupais, estableceuse, ademais, ao seu redor todo un folklore que enriqueceu enormemente a cultura popular. Só temos que ollar a vida social e festiva que se desenvolveu xunto aos muíños.

Na realidade, os ríos formaron parte integrante da vida dos pobos, afectando a numerosas decisións a adoptar: de acordos no reparto, de turnos de utilización, de medidas técnicas e de distribución, de relacións comerciais, e que posteriormente tiveron consecuencias xurídicas, tecnolóxicas, de mercado, condicionando, todo isto, unha evolución integrada da nosa sociedade agraria.

Por iso os ríos, en definitiva, non só embeleceron a nosa paixaxe xeográfica senón tamén conformaron a nosa paixaxe humana. Pasaron a formar parte da nosa alma.

Os galegos e galegas, xa que logo, temos unha débeda cos nosos ríos, eles influíron decisivamente en ser hoxe o que somos. Protexer a súa conservación é amosar que queremos seguir sendo membros do país dos "dez mil ríos" para gozar da súa beleza natural, da sonrisa das súas fervenzas, da súa riqueza biolóxica, do seu valor ecológico. En definitiva, para seguir sendo como somos e do que estamos orgullosos. Pola contra, permitir a súa destrucción polas agresións de encoros e minicentrais feitas sen xeito, polas vías ou autovías rápidas ou lentas sen ter en conta por onde pasan, polos vertidos incontrolados e

contaminantes do lixo de fábricas e matadeiros, sería aceptar unha desvalorización ingrata do que significou a utilización racional dos ríos por parte das xeracións pasadas, así como un cambio desintegrador das nosas características que avergoñe ás xeracións futuras.

Por iso, as xeracións presentes temos a grave responsabilidade de parar tal estropicio. Trátase dunha actitude de salvación nacional á que debemos entregarnos todos os que entendamos

**Os galegos e galegas temos unha débeda cos nosos ríos. Protexelos é amosar que queremos seguir sendo membros do país dos "dez mil ríos", para gozar da súa beleza natural, da sonrisa das súas fervenzas, da súa riqueza biolóxica, do seu valor ecológico**

que na defensa dos ríos, como na defensa do mar, estamos a protexer non só uns elementos naturais de valor transcendental senón, tamén, estamos a reivindicar o noso xeito de ser, o noso estilo de vida.

\*Ramón Muñiz é sociólogo



Manifestación contra os proxectos hidroeléctricos no Ulla, o 22 de agosto de 2004 en Palas de Rei